

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

16932 *REAL DECRETO 1027/2006, do 15 de setembro, polo que se modifica o Real decreto 61/2006, do 31 de xaneiro, no relativo ao contido de xofre dos combustibles para uso marítimo. («BOE» 232, do 28-9-2006.)*

Co vixente Real decreto 61/2006, do 31 de xaneiro, polo que se fixan as especificacións de gasolinas, gasóleos, fueis e gases licuados do petróleo e o uso de determinados biocombustibles, procedeuse á actualización das especificacións das gasolinas, gasóleos de automoción (clase A), gasóleos para uso agrícola e marítimo (clase B) e de calefacción (clase C), fueis, propano, butano e gases licuados do petróleo (GLP) de automoción, así como á regulación do uso de biocombustibles.

Poñendo fin á situación de dispersión normativa anterior, o Real decreto 1700/2003, do 15 de decembro, antecesor do vixente Real decreto 61/2006, do 31 de xaneiro, recolleu o contido do Real decreto 287/2001, do 16 de marzo, que traspuxo a Directiva 1999/32/CE, do Consello, do 26 de abril de 1999 relativa á redución do contido en xofre de determinados combustibles líquidos, e que supoñía, principalmente, unha maior redución do contido de xofre dos fueis, e fixou asemade o contido de xofre dos gasóleos destinados a usos marítimos e a calefacción.

A aprobación da Directiva 2005/33/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de xullo de 2005, supón unha modificación da Directiva 1999/32/CE no relativo ao contido de xofre dos combustibles para uso marítimo.

Por tanto, esta modificación da Directiva 1999/32/CE afecta o contido do artigo 3 «Especificacións técnicas de gasóleos», artigo 4 «Especificacións técnicas de fueis» e artigo 7 «Mostraxe e análise» do Real decreto 61/2006; faise pola súa vez necesaria a incorporación de tres novos artigos referentes ao contido de xofre dos combustibles para uso marítimo, así como unha nova disposición adicional que recolle as excepcións recollidas na Directiva 2005/33/CE, en canto á limitación do contido de xofre de determinados combustibles líquidos derivados do petróleo.

Este real decreto traspón a Directiva 2005/33/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de xullo de 2005, pola que se modifica a Directiva 1999/32/CE no relativo ao contido de xofre dos combustibles para uso marítimo.

De acordo coa disposición adicional undécima punto terceiro, da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, o presente real decreto foi sometido a informe preceptivo da Comisión Nacional de Enerxía.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de setembro de 2006,

DISPÓN O:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 61/2006, do 31 de xaneiro, polo que se fixan as especificacións de gasolinas, gasóleos, fueis e gases licuados do petróleo e o uso de determinados biocombustibles.*

Un. O título do real decreto queda redactado da seguinte maneira:

«Real decreto 61/2006, do 31 de xaneiro, polo que se fixan as especificacións de gasolinas, gasó-

leos, fueis e gases licuados do petróleo, se regula o uso de determinados biocombustibles e o contido de xofre dos combustibles para uso marítimo.»

Dous. Insírese antes do artigo 1 o título do capítulo I do seguinte modo:

«CAPÍTULO I

Especificacións técnicas de gasolinas, gasóleos, fueis e gases licuados do petróleo»

Tres. O artigo 3, Especificacións técnicas de gasóleos, queda redactado nos seguintes termos:

«1. Gasóleos de automoción (clase A). As especificacións técnicas para os gasóleos de automoción (clase A) destinados a ser utilizados en vehículos equipados cun motor diésel serán as que a continuación se indican:

a) As especificacións dos gasóleos de automoción (clase A) son as que se recollen no anexo II deste real decreto.

b) A partir do 1 de xaneiro de 2009, o contido máximo de xofre nos gasóleos de automoción (clase A) non poderá superar os 10 mg/kg (ppm).

Ata daquela deben estar dispoñibles para a súa comercialización no mercado nacional gasóleos de automoción cun contido máximo de xofre de 10 mg/kg, atendendo a unha distribución xeográfica equilibrada.

2. Gasóleos para usos agrícola e marítimo (clase B). As especificacións técnicas para os gasóleos de uso agrícola e marítimo (clase B) son as que se relacionan no anexo III deste real decreto.

O contido máximo de xofre do gasóleo clase B tanto para uso marítimo como o utilizado en máquinas móbiles non de estrada e tractores agrícolas e forestais, a partir do 1 de xaneiro de 2008, non superará o 0,10 por cento en masa.

3. Gasóleos de calefacción (clase C). As especificacións para os gasóleos de calefacción (clase C) son as que se relacionan no anexo III deste real decreto.

A partir do 1 de xaneiro de 2008, o contido máximo de xofre do gasóleo de calefacción (clase C) non superará o 0,10 por cento en masa.»

Catro. O parágrafo primeiro do artigo 4, Especificacións técnicas dos fueis, queda redactado nos seguintes termos:

«As especificacións técnicas para os fueis, con exclusión do combustible para uso marítimo, son as que se relacionan no anexo IV deste real decreto.»

Cinco. O artigo 7, Mostraxe e análise, queda redactado nos seguintes termos:

«Co fin de dar cumprimento ao disposto nas Directivas 98/70/CE, 2003/17/CE, 1999/32/CE e 2005/33/CE, no que respecta ao control do cumprimento das especificacións e presentación á Comisión Europea de informes anuais sobre a calidade dos produtos petrolíferos recollidos neste real decreto, as comunidades autónomas adoptarán as medidas necesarias para controlar mediante mostraxes as especificacións técnicas de gasolinas, gasóleos, combustibles para uso marítimo e fueis. Estas mostraxes deberanse realizar despois de transcorridos seis meses a partir da data en que sexa exixible o límite máximo das devanditas especificacións para o combustible de que se trate,

excepto no caso dos combustibles para uso marítimo, para os que as mostraxes empezarán a ser realizadas na data en que entre en vigor o límite máximo de contido en xofre correspondente. As mostraxes realizaranse coa suficiente frecuencia garantindo, en todo caso, que as mostraxes sexan representativas do combustible examinado.

Antes do 30 de abril de cada ano, as comunidades autónomas deberán comunicar á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, os resultados das mostraxes realizadas.

Estes resultados deberán axustarse, no referente ás gasolinas e ao gasóleo de automoción (clase A), ao formato establecido para o efecto mediante Decisión da Comisión, do 18 de febreiro de 2002, recollido nos anexos VIII e IX do presente real decreto.

No referente aos gasóleos clase B, para uso marítimo, combustibles para uso marítimo e gasóleo clase C, de calefacción, así como aos fueis, os datos que se requiren deberán indicar o contido de xofre dos citados produtos.

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio poderá cambiar os formatos recollidos nos citados anexos VIII e IX, de presentación de datos, adaptándoos aos posibles novos formatos que a Comisión Europea puidese establecer.

Poderanse utilizar, co fin de garantir o contido de xofre dos combustibles para uso marítimo, cada un dos seguintes métodos de mostraxe, análise e inspección, segundo proceda:

a) mostraxe, consonte as directrices da OMI, do combustible para uso marítimo destinado a combustión a bordo cando se lles estea subministrando aos buques, e análise do seu contido de xofre.

b) mostraxe e análise do contido en xofre do combustible para uso marítimo destinado a combustión a bordo contido en tanques, cando sexa posible, e en mostraxes seladas a bordo dos buques.

c) inspección dos diarios de navegación e dos comprobantes de entrega de carburante dos buques.

O método de referencia adoptado para determinar o contido de xofre dos combustibles para uso marítimo será o definido na norma UNE EN ISO 8754:2004. Produtos petrolíferos. Determinación do contido de xofre-Método por fluorescencia de enerxía dispersiva de raios X.»

Seis. Insírese antes do artigo 8 o título do capítulo II do seguinte modo:

«CAPÍTULO II

Biocarburantes»

Sete. Insírese despois do artigo 8 o seguinte capítulo:

«CAPÍTULO III

Contido de xofre dos combustibles para uso marítimo

Artigo 9. *Definicións.*

Enténdese por «combustible para uso marítimo» calquera combustible líquido derivado do petróleo destinado a ser usado a bordo dunha embarcación, incluídos os combustibles definidos na norma ISO 8217.

Enténdese por «combustible diésel para uso marítimo» calquera combustible para uso marítimo cuxa viscosidade ou densidade se sitúe dentro dos límites determinados para as calidades DMB e DMC definidas na táboa I de ISO 8217.

Enténdese por «gasóleo para uso marítimo» calquera combustible para uso marítimo cuxa viscosidade ou densidade se sitúe dentro dos límites determinados para as calidades DMX e DMA definidas na táboa I de ISO 8217.

Artigo 10. *Contido máximo de xofre dos combustibles para uso marítimo utilizados en zonas de control de emisións de SOx ou utilizados por buques de pasaxeiros en servizos regulares efectuados desde ou cara a portos comunitarios.*

1. Nas augas territoriais, zonas económicas exclusivas e zonas de control da contaminación situadas dentro das zonas de control de emisións de SOx non se poderán utilizar combustibles para uso marítimo cun contido en xofre superior ao 1,5 por cento en masa. Esta disposición aplicarase a calquera buque de calquera pavillón, incluídos aqueles cuxa travesía comezase fóra da Comunidade Europea.

2. As datas de aplicación relativas ao punto 1 serán as seguintes:

a) para a zona do Mar Báltico a que se refire a regra 14(3)(a) do anexo VI do Convenio MARPOL: o 11 de agosto de 2006;

b) para o Mar do Norte:

b.1) 12 meses despois da entrada en vigor da designación da OMI, consonte os procedementos establecidos, ou

b.2) o 11 de agosto de 2007,

se esta última data é anterior;

c) para as demais zonas marítimas, incluídos os portos, que a OMI designe posteriormente como zonas de control de emisións de SOx conforme a regra 14(3)(b) do anexo VI do Convenio MARPOL: 12 meses despois da entrada en vigor da dita designación.

3. A Administración competente definirá e desenvolverá os procedementos necesarios para controlar o cumprimento do previsto no punto 1, polo menos polo que respecta aos buques que enarboren pavillón español. Poderanse así mesmo tomar medidas de execución adicionais con respecto a outros buques, de conformidade co dereito marítimo internacional.

4. A partir da data a que se refire o punto 2, alínea a), os buques de pasaxeiros en servizos regulares efectuados desde ou cara a calquera porto comunitario non poderán utilizar en augas territoriais españolas, zonas económicas exclusivas e zonas de control da contaminación combustibles para uso marítimo cun contido en xofre superior ao 1,5 por cento en masa. A Administración competente definirá e desenvolverá os procedementos necesarios para controlar o cumprimento deste requisito, polo menos polo que respecta aos buques que enarboren pavillón español e aos buques de calquera pavillón mentres permanezan en portos españois.

5. A partir da data a que se refire o punto 2, alínea a), e de conformidade coa regra 18 do anexo VI do MARPOL, a Administración competente deberá:

a) manter un rexistro de provedores de combustible para uso marítimo,

b) definir e desenvolver os procedementos necesarios para controlar que os provedores documenten o contido de xofre de todos os combustibles para uso marítimo vendidos en territorio español mediante o comprobante de entrega de combustible, acompañado por unha mostra precintada e asinada polo representante do buque receptor. En caso de que se detecten incumprimentos no anterior, seguirase o disposto nos réximes de infraccións e sancións que resulten de aplicación,

c) definir e desenvolver as medidas necesarias para restablecer a conformidade de calquera combustible para uso marítimo non conforme descuberto. En caso de que se detecten incumprimentos no anterior, seguirase o disposto nos réximes de infraccións e sancións que resulten de aplicación.

6. A partir da data a que se refire o punto 2, alínea a), non se poderá comercializar en territorio español combustible diésel para uso marítimo cun contido en xofre superior ao 1,5 por cento en masa.

Artigo 11 *Contido máximo de xofre dos combustibles para uso marítimo utilizados polos buques de navegación interior e os buques atracados en portos comunitarios.*

1. Con efectos a partir 1 de xaneiro de 2010, os buques que se indican seguidamente non poderán utilizar combustibles para uso marítimo cun contido en xofre superior ao 0,1 por cento en masa:

a) os buques de navegación interior, e

b) os buques atracados en portos españois, que lle concederán á tripulación o tempo suficiente para efectuar a operación de cambio de combustible o antes posible despois da atracada e o máis tarde posible antes da saída.

Rexistrarase no libro de navegación a duración de toda operación de cambio de combustible.

2. As disposicións do punto 1 non serán aplicables:

a) cando, consonte os horarios publicados, os buques vaian permanecer atracados durante menos de dúas horas;

b) no caso dos buques de navegación interior en posesión dun certificado que demostre a súa conformidade co Convenio Internacional para a Seguridade da Vida Humana no Mar, de 1974, na súa versión modificada, mentres estes buques se encontran no mar;

c) aos buques que apagan todas as máquinas e se conectan á electricidade en terra mentres están atracados nun porto.

3. Con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2010, non se poderá comercializar en territorio español gasóleo para uso marítimo cun contido en xofre superior ao 0,1 por cento en masa.»

Oito. Engádesse unha nova disposición adicional terceira:

«Disposición adicional terceira. Excepcións en canto á limitación do contido de xofre de determinados combustibles líquidos derivados do petróleo.

Non obstante, as limitacións no contido de xofre de determinados combustibles líquidos derivados do petróleo establecidas no presente real decreto non se aplicarán:

a) ao combustible destinado a fins de investigación e probas;

b) ao combustible destinado a ser transformado antes da súa combustión final;

c) ao combustible que vaia ser transformado na industria da refinación;

d) ao combustible utilizado e comercializado nas rexións ultraperiféricas sempre que se poida garantir que nesas rexións:

d.1) se respectan as normas de calidade do aire,

d.2) non se utiliza fuel pesado cuxo contido en xofre supere o 3 por cento en masa;

e) ao combustible utilizado polos buques de guerra e demais buques destinados a usos militares. Porén, as autoridades competentes tratarán de garantir, mediante a adopción de medidas oportunas que non prexudiquen as operacións nin a capacidade operativa dos devanditos buques, que estes funcionan, dentro do que é razoable e práctico, consonte o disposto no presente real decreto;

f) á utilización de combustible nun buque que sexa necesaria para o fin concreto de protexer a seguridade dun buque ou para salvar vidas no mar;

g) á utilización de combustible nun buque que sexa necesaria a causa dos danos sufridos por un buque ou os seus equipamentos, sempre que despois de se producir o dano se tomasen todas as precaucións razoables para previr ou reducir ao máximo o exceso de emisións e se tomen medidas o antes posible para reparar os danos. A presente disposición non se aplicará se o propietario ou o capitán actuaron coa intención de causar o dano ou con imprudencia temeraria;

h) ao combustible utilizado a bordo de buques que utilicen tecnoloxías aprobadas de redución das emisións, recollidas na Directiva 2005/33/CE.»

Disposición transitoria única. *Illas Canarias.*

Ata o 1 de xaneiro de 2010, o contido máximo de xofre non será aplicable ao gasóleo para uso marítimo que se utilice nas Illas Canarias; poderase utilizar no devandito territorio gasóleo para uso marítimo cun contido en xofre superior aos límites establecidos, sempre e cando non supere o 0,30 por cento en masa.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación do dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2005/33/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de xullo de 2005, pola que se modifica a Directiva 1999/32/CE no relativo ao contido de xofre dos combustibles para uso marítimo.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 15 de setembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,

JOAN CLOS I MATHEU